

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 10 de decembro de 2024 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto vacante no cadro de persoal funcionario.

Ao estar vacante o posto de traballo que se indica no anexo I desta resolución e sendo necesaria a súa provisión, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por Resolución reitoral do 21 de abril de 2022, modificada pola Resolución do 26 de setembro de 2023, e de conformidade co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no Regulamento de mobilidade de PAS funcionario da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobado en Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020, resolve convocar a súa provisión, mediante o procedemento de libre designación, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria

Primeira. Poderán participar as persoas funcionarias de carreira da USC que reúnan os requisitos que se exixen e se especifican no anexo I.

Segunda. A solicitude para participar figura como anexo II desta convocatoria e presentarse exclusivamente a través do Rexistro electrónico da USC, <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm> no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira. A solicitude deberá presentarse acompañada de currículo e da xustificación documental daqueles méritos que se aleguen e que non consten acreditados no expediente persoal dos/as aspirantes.

Cuarta. De conformidade co establecido no artigo 18 do Regulamento de mobilidade de PAS funcionario da USC, a persoa funcionaria de carreira que desempeñe en comisión de servizos o posto de libre designación incluído nesta convocatoria terá a obriga de participar. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da comisión de servizos.

Quinta. A resolución desta convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Denominación do posto: Secretaría de dirección da Unidade de Xestión Administrativa.
Secretaría Xeral.

Número de praza: PF000283.

Subgrupo: C1/C2.

Nivel: 20.

Complemento específico: 10.424,40 €.

Quenda: mañá.

Localidade: Santiago de Compostela.



ANEXO II**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA****SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 10 DE DECEMBRO DE 2024.****DATOS PERSOAIS:**

DNI	APELIDOS	NOME
DESTINO ACTUAL		
CORPO OU ESCALA A QUE PERTENCE		SUBGRUPO
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

POSTO QUE SOLICITA:

Denominación do posto

O/a abaixo asinante solicita ser admitido/a á convocatoria á que se refire esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela e, que reúne as condicións requiridas especificamente por esta convocatoria comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

De conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Regulamento UE 2016/679, os datos recollidos neste procedemento serán incorporados pola USC no tratamento denominado «Persoal» cuxa finalidade é a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio social na Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

Támén pode poñerse en contacto co delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica 2/2023, do sistema universitario e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos ás administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da sede electrónica en

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

Támén poden dirixirse á Agencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en

<http://www.usc.es/ql/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

.....de..... de 2024

(Sinatura)

Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

